

Páxina na que aparecen unha serie de imaxes en miniatura que o usuario poderá ampliar e mesmo mostrar un texto explicativo sobre cada unha delas, así como usar un sistema de navegación para ir alternando entre a imaxe anterior ou a seguinte expandir a pantalla completa etc:



Cando situamos o punteiro do rato enriba dunha delas, aparece unha breve descrición desta:



Facendo clic nunha das miniaturas, expandirase a fotografía, e o usuario terá acceso a unha serie de funcións:



Na parte superior dereita temos os botóns para *pechar* a imaxe ampliada e volver á páxina de miniaturas, *avanzar* á seguinte imaxe ampliada ou *retroceder* á anterior.


Debaixo destes botóns poderían aparecer outros, dependendo de se inserimos ou non sons ou contidos á nosa imaxe; pulsando no que ten a nota musical aparecerá na parte inferior da ventá un pequeno *reproductor de audio* que nos permitirá escoitar a pista asociada á imaxe. Pulsando no que ten a cadea faremos que se mostre o *contido* (páxina web, actividade,...) asociado á imaxe.

Na parte dereita central temos un botón para mostrar a imaxe a *pantalla completa*.

Na parte inferior dereita temos unha frecha que desprega un texto na base da imaxe mostrando *comentarios* sobre a mesma, curiosidades, etc. Pulsando outra vez na frecha ocultaremos o texto.

Na parte inferior esquerda aparece o *título* da imaxe ou descrición do que representa.


Cando iniciamos a edición da actividade ábrese a pestana "*Contido*":



### ZONA 1

Empezaremos por facer dobre clic na 1ª fila da táboa e abrírase un navegador para que busquemos a primeira das imaxes no noso sistema de arquivos. Unha vez incorporada, unha mostra da imaxe aparecerá no recadro da parte inferior esquerda da táboa. Este recadro ten unhas proporcións 4:3, polo que se a imaxe inserida non presenta estas proporcións aparecerá deformada. Non debemos preocuparnos, pois este recadro serve só para observar que imaxe temos inserida en cada unha das filas cando están seleccionadas.

### ZONA 2



Como xa explicamos, unha vez inserida unha imaxe nunha das filas da táboa, aparecerá unha a súa miniatura no recadro (1). Se inserimos varias imaxes podemos usar as pequenas frechas verdes á dereita desta miniatura para seleccionar a fila superior ou inferior da táboa sen ter que facer clic nesta e ir visualizando as miniaturas de todas as imaxes.


No campo "Título" (2) escribiremos un título para a nosa imaxe que aparecerá tanto se situamos o punteiro do rato sobre unha das miniaturas, como na parte inferior esquerda da ventá coa imaxe maximizada.

Cos botóns (3) podemos achegar unha pista de audio en formato mp3/ogg. Neste caso, na ventá coa imaxe maximizada aparecerá un botón para mostrar un pequeno reprodutor na parte inferior co que reproducir o audio, como pode verse na imaxe da páxina 2 deste manual.


No recadro (4) poderemos achegar un texto asociado a cada unha das imaxes. Neste caso, na ventá coa imaxe maximizada aparecerá un botón para mostrar o texto na parte inferior da imaxe, como pode verse no gráfico da páxina 2 deste manual.

Cos botóns (5) podemos achegar á imaxe unha deses tipos de contido: hipervínculo a un sitio web (URL), código HTML (<embed>), un arquivo (arquivo) ou unha aplicación como unha actividade ou paquete Ardora, páxinas multimedia, etc. (carpeta). Neste caso, na ventá coa imaxe maximizada aparecerá un botón coa icona dunha cadea que lanzará o contido correspondente, como pode verse na imaxe da páxina 2 deste manual. O campo da parte inferior (6) sería para pulsar na carpeta da esquerda

e chegar o contido aloxado no noso equipo, salvo no caso do código HTML en que este campo se convertería nun recadro para pegar o código.

Unha vez rematemos de introducir todos os datos, pulsaremos no botón coa marca verde (7):  para asocialos coa imaxe e que queden gravados correctamente. (Por exemplo, se introducimos un son, non pulsamos este botón e seleccionamos outra imaxe na táboa, ao volver á imaxe previa o son non aparecería e habería que introduci-lo de novo).

Repetiremos a operación facendo clic na segunda fila da táboa para introducir a seguinte imaxe, asociamos textos e/ou elementos se queremos e así sucesivamente ata introducir todas as imaxes e os seus datos asociados.

Unha vez rematemos, co botón de borrar  da parte superior dereita da táboa, podemos eliminar a imaxe seleccionada (e elementos asociados) na súa fila, e coas frechas verdes baixo este cambiar a orde de aparición das imaxes na páxina subindo ou baixando a fila seleccionada.

### ZONA 3

Parte esquerda cos campos numéricos: en "Tamaño das miniaturas" (1) regularemos o ancho e o alto dos recadros que van conter as miniaturas que aparecerán na páxina principal. Neste caso as imaxes non aparecerán deformadas, senón que unha das dimensións se adaptará ao ancho ou ao alto do recadro se non coincide coas súas dimensións. As miniaturas créaa Ardora de forma automática.







Nos campos "Tamaño das imaxes" (2) especificaremos os tamaños máximos de ancho e alto para a ventá que conterà a imaxe maximizada; se as dimensións da imaxe non coinciden con estas medidas, Ardora axustará de forma automática o tamaño da ventá ás dimensións da imaxe introducida na táboa.

Marcando a casa (3), no marco da ventá coa imaxe

Tamaño de las miniaturas  
 x  pixels

Tamaño de las imágenes  
 x  pixels

Pantalla completa  
 x  pixels

 Cerrar  
 Anterior  
 Siguiente  
 Contenido  
 Audio  
 Comentarios

maximizada aparecerá un botón para que o usuario poida presentar a imaxe a pantalla completa; neste caso cando o usuario pulsa o botón a ventá desaparece, o fondo de toda a pantalla pasa a ser da cor do marco e a imaxe presentárase superposta a ese fondo coas dimensións que indiquemos nos campos (5). O campo (4) é editable, e aí podemos escribir o texto emerxente que aparecerá cando o usuario sitúe o punteiro do rato enriba do botón de maximizar.

Estes campos son editables, e neles escribiremos os nomes das etiquetas que o navegador mostrará cando o usuario sitúe o punteiro do rato enriba dos botóns que aparecerán nos bordos das ventás das imaxes ampliadas dos que xa falamos.

Na parte inferior desta zona temos a área "Coreas" (1) onde poderemos usar eses 4 botóns para elixir (de arriba a abaixo) a cor de fondo da ventá principal, a cor de fondo dos recadros que conterán as miniaturas, a cor dos botóns da ventá coa imaxe ampliada e a cor da fonte que afectará ás etiquetas das miniaturas, ademais do título e as iconas dos botóns da ventá coa imaxe ampliada, liñas divisorias e nome do autor.



Cos botóns (2) faremos que os recadros das miniaturas e a ventá coa imaxe ampliada teñan ou non as esquinas redondeadas. Cos botóns (3) elixiremos o tipo de recheo que terán os recadros das miniaturas e a ventá coa imaxe ampliada: sólido, degradado de arriba a abaixo ou degradado dos extremos cara ao centro respectivamente. No campo (4) indicaremos a cantidade de transparencia que terá o fondo do texto dos comentarios que aparecerá na parte inferior da imaxe: maior valor, máis opacidade; menor valor, máis transparencia.

Marcando a casa (5) faremos que a aplicación sexa compatible con dispositivos de pantalla táctil. Marcando a casa (6) faremos que recadros e ventás presenten sombra nas partes dereita e inferior. Marcando a casa (7) habilitaremos o movemento da ventá coa imaxe ampliada, pulsando sobre ela (non sobre o marco da ventá) e arrastrando cara a calquera lugar da nosa pantalla.

Finalmente na parte inferior poderemos escoller o tipo (8) e tamaño (9) da fonte que aparecerá nas etiquetas das miniaturas e no título de imaxe na ventá ampliada.